

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 8 de febreiro de 2018 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción da glorieta de acceso á estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Guillarei (PO-404), así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado (clave PO/16/198.06).

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o proxecto de construción da glorieta de acceso á EDAR de Guillarei (PO-404), coa clave PO/16/198.06, que ten por obxecto a construción dunha rotonda que facilite o acceso á estación depuradora de augas residuais, en Guillarei, no concello de Tui, pertencente á estrada PO-404.

A área de actuación deste proxecto, na actualidade, ten unha intersección en T coa vía de acceso á EDAR de Guillarei, sen carrís de espera e incorporación, nun treito con visibilidade reducida.

Este proxecto ten por obxecto evitar os xiros á esquerda actuais sen carril central de incorporación, e reordenar o tráfico mediante unha glorieta que mellorará a seguridade viaria do treito.

As obras previstas comprenden as seguintes actuacións:

- Glorieta no p.q. 1+900 da estrada PO-404 para mellorar a seguridade do treito.
- Continuidade dos itinerarios peonís para mellorar a seguridade viaria de peóns e ciclistas.
- Pavimentación con capa de rodaxe, pavimento lastrado e de formigón no illote interior da glorieta e ampliación da plataforma da estrada.
- Iluminación da glorieta proxectada.

CVE-DOG: 4tuw5hn6-bye2-a5q9-o5v9-quac522f9g82



- Sinalización, balizamento e defensas.
- Mellora, limpeza e adecuación da drenaxe.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o proxecto de construción sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Que, simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, se someta a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n – 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (rúa Fernández Ladreda, 43, 1º-4º, 36071 Pontevedra), e na casa do concello de Tui (praza do Concello, 1, 36700 Tui, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (http://civ.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), está á disposición dos interesados o documento completo do proxecto de construción.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: 4tuw5hn6-bye2-a5q9-o5v9-quac522f9g82



ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

**Proxecto de construción
Glorieta de acceso á EDAR de Guillarei (PO-404)
Clave: PO/16/198.06**

Concello de Tui. Lugar das Cegoñeiras.

Nº	Referencia catastral	Polígono	Parcela	Titular	Superf. m²	Clasificación	Expropiación	Total	Ben afectado
1	36055A045008410000UY	45	841	Cregores Garrido, Leopoldo	612	Labor ou labradío secaño	17,96	17,96	
2	36055A045008400000UB	45	840	Cregores Garrido, Leopoldo	400	Labor ou labradío secaño	23,43	23,43	– 1 Peché de bloque sobre muro de formigón
3	36055A045008390000UG	45	839	Álvarez Álvarez, Domingo (herdeiros de)	1.720	Labor ou labradío secaño	125,52	125,52	– 16,1 Peché de bloque sobre muro de formigón – 10,2 Peché de pedra
4	36055A045008380000UY	45	838	Álvarez Pena, José	476	Labor ou labradío secaño	242,68	242,68	– 10,9 Peché de bloque sobre muro de formigón – 10,2 Peché de pedra
5	36055A045008350000UW	45	835	Gómez Fernández, María Casilda	191	Labor ou labradío secaño	166,43	166,43	– 11,1 Peché de bloque sobre muro de formigón – 3,4 Muro de formigón – 2,5 Porta metálica
6	36055A045008340000UH	45	834	Álvarez Álvarez, Domingo (herdeiros de)	414	Viña secaño	109,50	109,50	
7	36055A045008330000UU	45	833	Martínez Vila, Encarnación	811	Labor ou labradío secaño	121,32	121,32	
8	36055A045008320000UZ	45	832	Estévez Álvarez, José	567	Labor ou labradío secaño	147,64	147,64	
9	36055A045008310000US	45	831	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	468	Labor ou labradío secaño	141,56	141,56	
10	36055A045008300000UE	45	830	Solla Aros, Ana (herdeiros de)	267	Labor ou labradío secaño	61,63	61,63	–11 Cepa
11	36055A045008290000UZ	45	829	Ferreira Pérez, José Manuel	603	Labor ou labradío secaño	113,82	113,82	
12	36055A045008280000US	45	828	Caballero Durán, Miguel	2.195	Labor ou labradío secaño	259,21	259,21	
13	36055A045008270000UE	45	827	En investigación, artigo 47 da Lei 33/2003	866	Labor ou labradío secaño	8,91	8,91	

